



Os responsábeis da central volveron poñer enriba da mesa os mesmos temas que levan centrando a acción sindical destes anos pero desta vez co respaldo dos 9.765 votos das recentes eleccións sindicais e o referendo da maioría absoluta na Mesa Sectorial

A CIG-Ensino esíxelle avances na mellora das condicións docentes ao conselleiro de Educación

Entre as principais demandas do profesorado galego que lle trasladou unha representación da executiva da CIG-Ensino ao conselleiro Román Rodríguez e a dous altos cargos do seu departamento están a redución das ratios e do horario lectivo (só quedamos tres CCAA: Galiza,

Murcia e Madrid sen recuperar este dereito); que se atendan as peticións de persoal docente e de atención á diversidade que demandan os centros; a eliminación da burocracia inútil en todas as etapas educativas que está a causar fartura no profesorado porque lle elimina tempo para a súa verdadeira función docente, a preparación das aulas e a innovación pedagóxica; a regulación das aíns e das itinerancias; un plan para a escola rural; negociar todo o referente á situación da Formación Profesional, tanto no que ten a ver coa oferta educativa como a equiparación salarial de todo o profesorado e o regulamento dos CIFPs; o futuro do profesorado interino após os procedementos de estabilización e a previsión de ofertas de emprego nos próximos anos, a situación de emerxencia na que se atopa o galego na sociedade e no ensino en particular, a obrigatoriedade de contar cun plan de igualdade para o profesorado e unha maior atención á saúde laboral e mental, con información detallada da avaliación de riscos laborais.



Recuperación de dereitos e aposta polo ensino real e non burocrático

Foron moitos os temas que levou unha representación da executiva da CIG-Ensino á reunión co conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e con dous altos cargos do seu departamento e poucas novidades con respecto aos que xa lle plantexaron hai agora practicamente un ano nun encontro similar. O secretario nacional do sindicato maioritario no ensino público galego, **Suso Bermello**, insístitulle ao titular de Educación, **Román Rodríguez**, que **despois de 12 anos de recortes e retrocesos nos dereitos de profesorado e de redución de aulas na rede pública, é necesario un compromiso real co persoal docente e co ensino público.**

“Para iso -incidiu-, só hai un camiño: escoitar a voz do profesorado que vén de falar nas urnas cunha **participación nas últimas eleccións sindicais de máis do 70%**, das máis altas do Estado, e nas que **46 de cada 100 votantes** avalaron o programa electoral da CIG-Ensino. Cómpre **reducir ratios**, a

medida que é un clamor de toda a comunidade educativa e a mellor maneira de garantir a calidade e a atención individualizada no ensino, que permite facer desdobres, reforzos e apoios ao alumnado con diversidade ou con maiores dificultades; cómpre **recuperar o horario de 18 e 21 horas que se tiña en Galiza coa chegada do PP á Xunta** (nestes intreos só quedan outras tres CCAA coas 20 horas en Secundaria e as 25 en Primaria e en Infantil) e cómpre **regular dunha vez por todas a impartición de materias afíns (marcando un tope tendo en conta que debe ser un recurso excepcional e demostrarse coñecemento nese ámbito) e parar a fuxida cara adiante que supoñen as distintas normas educativas e as directrices da Consellaría co fin de converter o ensino nunha actividade burocrática e administrativa máis**". Neste último punto, a representación da CIG-Ensinio foi moi incisiva dado que hai un **enorme malestar e fartura entre o profesorado pola ampliación da obrigatoriedade de realizar as programacións didácticas en todas as etapas educativas a través de aplicacións informáticas pechadas**, que teñen pouco que ver coa práctica real docente e que limitan tanto a forma de abordar as clases como de avaliar o alumnado.

A CIG-Ensinio reiterou así mesmo a súa demanda de que se presente unha orde na que se recoñezan todas as tarefas de coordinación que hoxe desenvolve moito profesorado por voluntarismo.

A necesidade de abordar unha redución da burocracia e das ratios, acompañada da recuperación do horario lectivo e o reforzo da coordinación, é hoxe un dos principais retos que debe asumir a administración educativa.

Un sistema educativo de calidade precisa dunha Consellaría con máis peso

Bermello, que estivo acompañado pola secretaria de acción institucional, Laura Arrojo, e o secretario de acción sindical e comunicación, Diego Boquete, recordoulle a Román Rodríguez e aos directores xerais de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, e de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, que nos últimos anos houbo numerosas concentracións e actos de protesta polo peche de unitarias e de unidades sobre todo no rural. "Hai que protexer e ter en conta o valor inmenso que supón ter servizos públicos no rural para evitar o seu despoboamento, á vez que **atender as demandas dos centros en materia de persoal e non amortizar as xubilacións que se produzan**. Estas medidas, xunto coa redución das itinerancias, son a verdadeira garantía dun ensino de calidade e isto non se consegue sen poñer recursos enriba da mesa", polo que Bermello instou a que o conselleiro evite que Educación siga sendo dos departamentos que menos soben nos orzamentos da Xunta de Galiza e se coloquen os servizos públicos como eixe central do goberno galego. "Que esta perda de peso específico e dentro das contas da Xunta se produza nunha Consellaría que ten un dos máis elevados gastos en persoal é perfectamente indicativo do escaso valor que o PP lle dá á política educativa en xeral e ao ensino público en particular", incidiu.



Os procesos de estabilización e o futuro do persoal interino e substituto

Na reunión tamén se trataron os procedementos que actualmente están en marcha para estabilizar as vacantes estruturais que levaban anos ocupadas temporalmente na administración educativa galega. A CIG-Ensinou amosou a súa preocupación sobre o que vai acontecer co persoal interino que non obteña praza unha vez resolto este concurso e o concurso-oposición extraordinario que vai ter lugar en xuño deste ano. Neste sentido, o sindicato maioritario no ensino lembrou a **necesidade de establecer unha cláusula de estabilidade en toda a regulación das listaxes de substitucións e das condicións de traballo do persoal temporal do ensino público para aquel colectivo que teña unha avanzada idade ou moitos anos de servizos prestados.**

No que ten a ver co persoal interino, a CIG-Ensinou reiterou a súa oposición frontal aos cambios fixados na normativa estatal tras o **pacto sindical de CCOO, UGT e CSIF co goberno central que limita as contratacións de persoal temporal a tres anos** e mostrou o seu asombro polos cambios de última hora provocados polo propio goberno galego no texto da Lei do Emprego Público, o que sitúa o profesorado sen praza fixa nunha maior incerteza.

A situación da FP: menos propaganda e máis aposta polo sistema público

Aínda que a Formación Profesional é unha das etapas educativas que máis medrou nos últimos anos tanto en oferta educativa como en número de efectivos docentes, non é menos certo que nestes intres é unha etapa na que **as empresas privadas teñen maior incidencia e a súa explotación como negocio é tamén máis evidente.** “Desde a CIG-Ensinou seguimos amosándonos **contrarios ao modelo da FP dual**, toda vez que segue sen haber ningún informe sobre a suposta inserción laboral para o alumnado desta modalidade e que fai que as empresas privadas dispoñan de man de obra barata ao seu antollo e que teñan a maior parte da capacidade de decisión posíbel, incluso na selección do estudiantado. Tamén **rexeitamos o sistema de calidade dos Centros Integrados de Formación Profesional**, así como o seu **funcionamento empresarial e antidemocrático**, que non deba ter cabida no ensino público. Sobre o sistema de calidade temos sobradas razóns para afirmar que se amosa como ineficaz para a práctica docente e que usurpa as funcións que deba asumir a inspección



educativa subcontratándoas a entidades externas e non podemos estar máis que preocupadas por como esta etapa está sendo vista cada vez máis como negocio por centros e chiringuitos, aparecendo continuamente ciclos concertados e autorizándose ciclos privados que se negan sistematicamente no ensino público”, explicou Bermello.

Mais, desde a CIG-Ensinou tamén se abordou como un aspecto fundamental e de plena actualidade a **necesaria igualdade de todo o profesorado que imparte na Formación Profesional.** Neste sentido, o sindicato fixo valer a **[recollida de 1375 sinaturas](#)** pedindo a equiparación salarial do profesorado técnico de FP a extinguir ou que vai quedar nas especialidades singulares despois de que o Ministerio de Educación decidira poñer como requisito para que se puidera integrar no corpo de Secundaria só aquel profesorado con titulación universitaria. **“En defensa do corpo único docente e de que a igual traballo debe corresponder igual salario**, desde a CIG-Ensinou esixímoslle ao conselleiro que busque unha **solución a esta desigualdade co pagamento dun complemento que elimine esta discriminación.** Así mesmo, o sindicato tamén entende que **non deben existir diferenzas nas condicións de traballo entre o profesorado que imparte FP nos IES e nos CIFPs**, ao respecto do horario por exemplo, e que é preciso facilitar que todo o profesorado de FP se poida integrar no grupo A1 con acordos coas universidades galegas para que o persoal que teña titulación de FP poida obter un grao validando a súa formación previa e experiencia profesional e que se oferten licenzas por estudos retribuídas para cursalo.

A lingua, esquecida

Todos os informes, sexa cal sexa a organización ou institución que os divulgue, facilitan un retrato moi preocupante da situación do noso idioma en xeral e, máis en concreto, **no sistema educativo, convertido desde hai tempo nun axente de desgalguización do alumnado galego**. Todos eses informes non fan máis que confirmar as denuncias feitas pola CIG-Ensino. A ausencia dun compromiso por reverter esta situación é, por desgraza, un sinal de identidade do goberno galego e da Consellaría de Cultura e Educación en particular. Desde a CIG-Ensino chamamos a un **cambio radical na política lingüística no ensino e a derogar o Decreto de Plurilingüismo** para substituílo por unha norma que se centre en potenciar a presenza dentro e fóra das aulas da nosa lingua.

A igualdade e a saúde laboral non poden quedar nun segundo plano

Educación leva incumprindo a lei desde 2007 na súa obriga de contar cun plan de igualdade para todo o profesorado. Hai que afrontar canto antes unha análise rigorosa sobre condicións laborais, acoso ou actitudes sexistas, conciliación, condicións da contorna de traballo etc, buscando a promoción da igualdade de trato e de oportunidades entre o colectivo docente.

Nestes intres os centros de ensino contan cun plan de igualdade para o alumnado pero que moito profesorado non coñece, segundo se desprende dunha recente enquisa realizada pola CIG-Ensino, e que non deixa de ser un papel mollado máis ao descoñecerse o seu contido e mesmo como debe actuarse en caso de acoso ou doutro problema grave.

Así mesmo, a Consellaría de Educación incumpre a normativa ao non contar cun plan de igualdade para o profesorado, que deba recoller os aspectos antes mencionados, e que segundo os resultados da mesma enquisa, o 93% do persoal participante ve como unha ferramenta útil. Así mesmo, **é hora de retribuír e recoñecer como se merece a figura de Coordinación de Igualdade e Coeducación, ao igual que a de Benestar nos centros**. A CIG-Ensino espera que sen máis dilación se constitúa unha comisión negociadora para iniciar a elaboración dunhas bases xenéricas para que despois estes plans poidan ser adaptados a cada centro de ensino e ás súas particularidades.

O sindicato, por último non esqueceu o papel que debe ter a **saúde laboral** e criticou que a administración non proporcione información sobre a marcha do **programa de avaliación de riscos laborais nos centros** nin que se convoquen aos delegados e delegadas de prevención.



OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal